

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

EXTRACTO da Orde do 16 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2022/23 (código de procedemento PL500A).

BDNS (Identif.): 665786.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas destinatarias

Os centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensino regrado de nivel non universitario.

Segundo. Obxecto

A presentación e a realización de proxectos de fomento do uso do galego dos centros públicos de ensino de Galicia dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, promovidos polos equipos de dinamización da lingua galega ou polo profesorado responsable do proxecto naqueles centros de ensino que contén con menos de seis unidades, durante o curso escolar 2022/23 (PL500A), e o establecemento de axudas que apoien o seu financiamento.

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 16 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2022/23 (código de procedemento PL500A).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.



Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 350.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: bl1jsaf4-o9g8-4b22-y1q6-5zm82ztntk57

